

II. AUTORIDADES E PERSOAL

c) SUBSTITUCIÓNS

PRESIDENCIA

Decreto 428/2009, do 2 de decembro, polo que se lle encarga o despacho de asuntos da Presidencia, durante a ausencia do seu titular, ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Con motivo da ausencia do presidente da Xunta de Galicia, é necesario prover a substitución durante o tempo desta.

Polo tanto, en uso das atribucións que me confire o artigo 26.7º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único.-Encomendarlle ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza o encargo do despacho da Presidencia desde o día 3 ata o día 8 de decembro de 2009 ambos os dous incluídos.

Santiago de Compostela, dous de decembro de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 24 de novembro de 2009 pola que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo.

De acordo co establecido no artigo 150.2º da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega, transfírese, no marco da lexislación básica do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, e asumíuse polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, tendo a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza asignadas as competencias nesta materia en virtude do Decreto 303/2009, do 21 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da citada consellería.

A Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais de Galicia, ditada en virtude da devandita competencia, dispón no seu artigo 18 que os colexios profesionais comunicarán á consellería competente en materia de colexios profesionais os estatutos aprobados así como as súas modificacións.

A Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais, establece unha novidosa regulación do exercicio das profesións colexiadas por medio de sociedades, que deben ser incluídas nas respectivas estruturas colexiais.

Dando cumprimento ás anteriores disposicións, o Ilustre Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo acordou, en asemblea que tivo lugar o día 17 de xuño de 2009, a aprobación da modificación dos seus estatutos para adaptalos á Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais, modificacións que foron comunicadas a esta consellería para os efectos da súa aprobación definitiva, despois da cualificación de legalidade, tal como dispón o artigo 18.1º da Lei 11/2001, do 18 de setembro.

Tendo en conta o exposto, verificada a adecuación á legalidade dos devanditos estatutos e en uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.-Aprobar os estatutos do Ilustre Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo, cuxo articulado figura como anexo a esta orde na súa versión consolidada.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2009.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO

Estatutos particulares do Ilustre Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo

ÍNDICE

Preámbulo.

Título I: disposicións xerais.

Capítulo I: denominación, natureza xurídica e fins.

Capítulo II: funcións.

Título II: do colexio, organización e goberno.

Capítulo I: dos órganos do colexio.

Sección primeira: da Xunta de Goberno.

Sección segunda: da Asemblea Xeral de colexiados.

Capítulo II: das comisións.

Capítulo III: das eleccións á Xunta de Goberno.

Título III: dos colexiados.

Capítulo I: da adquisición, denegación e perda da condición de colexiado.

Capítulo II: comunicación de actuacións profesionais noutras demarcacións.

Capítulo III: clases de colexiados.

Capítulo IV: dereitos, deberes e prohibicións dos colexiados.

Título IV: do réxime de distincións e premios.

Título V: do réxime económico.

Capítulo único: dos recursos económicos e dos gastos.

Título VI: do réxime disciplinario.

Capítulo único: da responsabilidade penal, civil e disciplinaria.

Título VII: do réxime de disolución do colexio.

Disposición adicional primeira. Disposición adicional segunda. Disposición transitoria.

PREÁMBULO

A constante adaptación da profesión veterinaria á realidade social do seu tempo así como ás normas que son publicadas e que a afectan, e ás cales en todo momento se debe a nosa profesión, e, vistas as consideracións levadas a cabo polo secretario xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia do 26 de setembro de 2006 e do 16 de febreiro de 2009, así como polo secretario xeral da organización, o 25 de abril de 2008, fan que a actual Xunta de Goberno do colexio Oficial de Veterinarios da provincia de Lugo, en reunións do 19 de maio de 2008 e do 20 de maio de 2009, acordase adaptar os seus anteriores estatutos, aprobados por unanimidade en anterior asemblea xeral extraordinaria do 9 de xuño de 2006, á nova Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais, norma que entrou en vigor o 16 de xuño do ano pasado, polo que, sometido o citado acordo á aprobación da Asemblea Xeral do 17 de xuño do ano 2009, esta, por unanimidade, aprobou o seguinte texto dos estatutos colexiais provinciais.

TÍTULO I

DISPOSICIÓNS XERAIS

CAPÍTULO I

DENOMINACIÓN, NATUREZA XURÍDICA E FINS

Artigo 1º.-*Denominación, ámbito territorial e domicilio.*

A súa denominación é a de Ilustre Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo. O ámbito territorial é o da provincia de Lugo. O Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo terá o seu domicilio social na rúa Ramón y Cajal nº 2-andar 3º, CP 27001 Lugo.

Artigo 2º.-*Natureza xurídica.*

1. O Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo é unha corporación de dereito público recoñecida pola Constitución e amparada pola lexislación estatal e autonómica vixente en materia de colexios profesionais, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

O colexio terá tratamento de ilustre, e o seu presidente/a o de ilustrísimo/a. A súa estrutura interna e funcionamento deberán ser democráticos.

2. No non previsto neste estatuto, o colexio rexerá polo disposto na Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais e normativa posterior que a modifica e complementa, en especial a Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais; a Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais de Galicia; os estatutos xerais da Organización Colexial Veterinaria Española, aprobados polo Real decreto 1840/2000, do 10 de novembro, así como os estatutos do Consello Galego de Colexios Veterinarios, aprobados polo Decreto 172/2000, do 22 de xuño, e, ademais, os regulamentos e os acordos dos órganos de Goberno dos consellos Xeral e de Galicia e os do propio Colexio de Veterinarios de Lugo.

3. O Colexio de Veterinarios de Lugo pode adquirir, allear, gravar e administrar toda clase de bens e dereitos, e exercer perante os xulgados e tribunais de calquera xurisdición e grao as accións que no seu propio interese considere convenientes.

Artigo 3º.-*Fins.*

Son fins esenciais deste colexio:

a) A ordenación, no ámbito da súa competencia, do exercicio da profesión veterinaria, a representación exclusiva desta e a defensa dos intereses profesionais dos colexiados.

b) A salvagarda e observancia dos principios deontolóxicos e ético-sociais da profesión veterinaria e da súa dignidade e prestixio; para este efecto correspóndelle cumprir e facerlles cumprir aos colexiados o código deontolóxico que corresponda.

c) A promoción, por todos os medios ao seu alcance, da constante mellora dos niveis científico, cultural, económico e social dos colexiados; para este efecto poderá organizar e manter toda clase de institucións culturais e sistemas de previsión e protección social.

d) A colaboración cos poderes públicos na consecución da saúde das persoas e animais, mellora da ganadería, e a máis eficiente, xusta e equitativa regulación e ordenación do sector gandeiro e alimentario desde a fase de produción ao consumo, así como a atención ao ambiente e a protección dos consumidores.

e) A mellora da sanidade, a produción, o benestar animal e o ambiente.

f) Aqueloutros recollidos nos vixentes estatutos xerais da Organización Colexial Veterinaria Española.

la, nos estatutos do Consello Galego de Colexios Veterinarios e na lexislación estatal e autonómica en materia de colexios profesionais.

CAPÍTULO II
FUNCIONES

Artigo 4º.-*Funcións.*

Serán funcións propias do Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo, no seu ámbito territorial, as que lle atribúen os artigos 5 e 6 da vixente Lei estatal de colexios profesionais, as sinaladas nos vixentes estatutos xerais da Organización Colexial Veterinaria Española e nos estatutos do Consello Galego de Colexios Veterinarios, en relación cos fins que ten encomendados de colexios profesionais de Galicia e, en todo caso, as seguintes:

a) Desempeñar a representación que establezan as leis para o cumprimento dos seus fins e, especialmente, a representación e defensa da profesión perante a Administración, institucións, tribunais, entidades e particulares, con lexitimación para ser parte en cantos litixios e causas afecten os dereitos e intereses profesionais e os fins da veterinaria, e exercer as accións que sexan procedentes, así como exercer o dereito de pedimento conforme a lei.

b) Defender os dereitos e prestixio dos colexiados que representan ou de calquera deles, se fosen obxecto de vexación, menoscabo, desconsideración ou descoñecemento en cuestións profesionais.

c) Adoptar as medidas conducentes a evitar e perseguir o intrusismo profesional.

d) Levar o censo de profesionais e o ficheiro de ámbito de actuación veterinaria da provincia, cos datos que se consideren necesarios para o cumprimento dos fins e funcións do colexio, e elaborar as estatísticas que se consideren convenientes para a realización de estudos, proxectos e propostas relacionadas co exercicio da veterinaria.

e) Ordenar a actividade profesional dos colexiados, velando pola formación, a ética e a dignidade profesional e polo respecto debido aos dereitos dos particulares.

f) Exercer a facultade disciplinaria na orde profesional e colexial.

g) Elaborar os seus regulamentos de réxime interior.

h) Cumprir e facerlles cumprir aos colexiados, en canto afecten a profesión, as disposicións legais e estatutarias, así como as normas e decisións adoptadas polos órganos colexiais en materia da súa competencia.

i) Evitar a competencia desleal.

j) Cooperar cos poderes públicos, por solicitude deles, na formulación das políticas gandeira, sanitaria, alimentaria, de ambiente e de protección ao consumidor.

k) Elaborar e executar programas formativos de carácter profesional, científico ou cultural.

l) Desenvolver a xestión de previsión e protección social no ámbito profesional.

ll) Instar os organismos públicos ou privados para que doten, no exercicio profesional, os colexiados dos mínimos de material e persoal necesarios para exercer unha veterinaria de calidade.

m) Organizar e promover actividades e servizos comúns de interese para os colexiados, de carácter profesional, formativo, cultural, asistencial e outros análogos.

n) Visar os informes, proxectos e ditames nas condicións previstas nos estatutos xerais da Organización Colexial Veterinaria Española.

ñ) Encargarse do cobramento das percepcións, remuneracións ou honorarios profesionais, cando o colexiado o solicite libre e expresamente, no momento en que o colexio cree o servizo adecuado e nas condicións que se determinen regulamentaria ou gobernativamente.

o) Establecer e exixir as cargas económicas dos colexiados.

p) Organizar cantos servizos de asesoramento científico, xurídico, administrativo, laboral e fiscal sexan necesarios ou convenientes para mellor orientación e defensa do colexio e dos colexiados, así como a publicación de cantos medios de comunicación xulgue pertinentes. Tratar de conseguir o maior nivel de emprego dos colexiados, sen prexuízo de declarar a incompatibilidade do exercicio profesional cando, ética e deontoloxicamente, así se considere.

q) Formar e manter actualizado o censo dos veterinarios de Lugo (altas, baixas, etc.) así como dos veterinarios procedentes doutras provincias ou comunidades, e, en todo caso, doutros Estados membros da Unión Europea e de países terceiros, así como o Rexistro Xeral de Sociedades Profesionais; poderalles dar aos datos a publicidade legalmente prevista ou autorizada pola Asemblea Xeral, así como emitir, co visto e praxe do presidente, as certificacións que lle sexan solicitadas.

TÍTULO II

DO COLEXIO, ORGANIZACIÓN E GOBERNO

CAPÍTULO I

DOS ÓRGANOS DO COLEXIO

Artigo 5º.-*Órganos do colexio.*

Os órganos do Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo son:

a) O presidente.

b) A Xunta de Goberno.

c) A Asemblea Xeral de colexiados.

SECCIÓN PRIMEIRA
DA XUNTA DE GOBERNO

Artigo 6º.-*Composición da Xunta de Goberno.*

A Xunta de Goberno estará constituída por:

- a) Un presidente.
- b) Un secretario.
- c) Cinco vogais.
- d) Un representante da Facultade de Veterinaria de Lugo.
- e) Un representante dos veterinarios xubilados.

Por proposta do presidente, a Xunta de Goberno designará un vicepresidente, de entre os cinco vogais electos, que integrará xunto cos anteriores o órgano directivo.

Por proposta do secretario, a Xunta de Goberno designará, de entre os demais vogais electos, un vicesecretario.

O representante da Facultade de Veterinaria será proposto pola Facultade de Veterinaria e ratificado pola Asemblea Xeral deste colexio, para servir de nexo de unión entre o colexio e a facultade, coordinando e planificando os programas docentes e de investigación, conxuntamente co vogal da comisión correspondente do colexio encargado de tales asuntos. O dito representante asistirá ás reunións da Xunta de Goberno, con voz pero sen dereito de voto, e asesorará en temas relacionados co ensino.

O representante dos veterinarios xubilados será proposto por ese colectivo e ratificado pola Asemblea Xeral; igual que o anterior, asistirá ás reunións da Xunta de Goberno, con voz e sen dereito de voto, e asesorará en temas relacionados coa profesión, dada a súa experiencia, e coas necesidades do colectivo a que pertence.

Artigo 7º.-*Funcións da Xunta de Goberno.*

Corresponde á Xunta de Goberno a administración e dirección do colexio, e con esta finalidade terá as facultades e as funcións seguintes:

- a) Velar pola boa conduta profesional dos colexiados.
- b) Administrar os recursos económicos do colexio.
- c) Exercer a función disciplinaria conforme a normativa profesional e deontolóxica da profesión veterinaria, impondo aos colexiados infractores as sancións que establecen estes estatutos ou aquela normativa que os complementa.
- d) Decidir respecto á admisión de colexiados que o soliciten.
- e) Organizar a distribución de toda clase de impresos e documentos que lle sexan propios para a consecución dos seus fins, nos termos establecidos nos estatutos xerais da Organización Colexial Veterina-

ria, nos estatutos do Consello Galego de Colexios Veterinarios e de conformidade cos acordos que adopten ao respecto os órganos colexiados do Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España e do Consello Galego de Colexios Veterinarios.

f) Convocar as sesións da Asemblea Xeral de colexiados e confeccionar a correspondente orde do día.

g) Promover a realización de reunións periódicas, entre a Xunta de Goberno e os representantes de todas as asociacións, organismos, entidades e sectores de calquera actividade do colectivo veterinario en xeral, que estean interesados en participar no desenvolvemento dos obxectivos desta corporación ou teñan o desexo de colaborar nas súas finalidades.

h) Contratar e despedir o persoal que necesite para o desenvolvemento das funcións, sempre que estea debidamente consignado nos orzamentos correspondentes.

i) A creación, regulación e ordenación dos servizos adecuados para o cobramento de percepcións, remuneracións e honorarios profesionais dos colexiados, cando estes o soliciten libre e expresamente. En tal suposto, o Colexio Oficial percibirá o tanto por cento que se determine, no seu día, o cal se destinará a fins colexiais.

j) Propoñer á Asemblea Xeral de colexiados os orzamentos e liquidacións de ingresos e gastos.

k) Habilitar suplementos de crédito.

l) Aprobar e subscribir convenios e contratos coa Administración central, da comunidade autónoma ou das entidades locais, ou calquera outro ente público ou privado; poderá contraer obrigas e recibir, como consecuencia destas, subvencións ou outro tipo de axudas.

ll) Propoñer á Asemblea Xeral de colexiados a cuestión de confianza sobre a súa xestión, e autorizar a cuestión de confianza sobre a xestión dalgún dos membros da Xunta cando individual e voluntariamente o soliciten.

m) Convocar as eleccións aos cargos da Xunta de Goberno.

n) Todas aquelas outras competencias que non estean expresamente atribuídas por estes estatutos á Asemblea Xeral de colexiados.

Artigo 8º.-*Funcionamento da Xunta de Goberno.*

1. A Xunta de Goberno reunirse con carácter ordinario unha vez cada mes, convocada polo presidente con polo menos unha semana de antelación, e con carácter extraordinario, con polo menos corenta e oito horas de antelación, sempre que o presidente o crea conveniente ou o soliciten por escrito cando menos tres membros da Xunta. As convocatorias formularanse por escrito e irán acompañadas da orde do día correspondente. En ningunha destas reunións se poderá tomar ningún acordo que previamente non se incluíse na orde do día correspondente, agás que

estean presentes todos os membros da Xunta e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría. As reunións extraordinarias poderán ser convocadas por calquera medio que permita ter constancia da recepción polos interesados, considerando a urxencia do caso. Non obstante, este aspecto deberá constar na acta da celebración.

2. Os acordos da Xunta de Goberno tomaranse por maioría de votos dos membros asistentes. No caso de empate na votación, decidirá con voto de calidade o presidente. Estes acordos serán executivos desde o momento da adopción, sen prexuízo dos recursos que, en contra daqueles, se poidan presentar e das excepcións que se recollen nestes estatutos.

3. Para que se poidan adoptar validamente acordos en primeira convocatoria, será requisito indispensable que concorran a maioría dos membros que integran a Xunta de Goberno. En segunda convocatoria será suficiente con, polo menos, unha terceira parte dos membros da Xunta de Goberno. Tanto nun caso coma noutro deberán estar presentes o presidente e o secretario ou quen legalmente os substitúan.

Entre a realización da sesión en primeira e segunda convocatoria mediará un intervalo de media hora.

4. Toda reunión deberá comezar inescusablemente coa lectura e aprobación da acta da reunión anterior.

5. O presidente pode alterar a orde dos temas que se van tratar e acordar interrupcións ao seu prudente arbitrio para permitir deliberacións sobre a cuestión debatida ou para descanso nos debates.

6. De todas as reunións da Xunta de Goberno elaborárase a acta que asinará o secretario co visto e prace do presidente, e que se transcribirá no libro de actas correspondente.

7. Nas actas da Xunta de Goberno deberán constar os membros que asisten, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que se realizou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.

8. Será obrigatoria a asistencia ás reunións. A falta non xustificada a tres consecutivas considerárase renuncia ao cargo.

Artigo 9º.-*Funcións da Presidencia.*

1. Correspóndelle ao presidente desempeñar a representación máxima do Colexio Oficial, e estalle asignado o exercicio de cantos dereitos e funcións lle atribúen a Lei de colexios profesionais, os estatutos xerais da Organización Colexial Veterinaria, os estatutos do Consello Galego de Colexios Veterinarios e estes estatutos, en todas as relacións cos poderes públicos, entidades, corporacións e persoas xurídicas ou naturais de calquera orde, sempre que se trate de materias propias da súa competencia, exercer as accións legais que correspondan, en defensa dos dereitos colexiais, ante os tribunais de xustiza e autoridades de toda clase; para tal fin outorgará os poderes notariais ou xudiciais que correspondan a

profesionais do dereito; autorizar os informes e comunicacións que se teñan que cursar, e executar ou facer que se executen os acordos que a Asemblea Xeral de Colexiados ou a Xunta de Goberno, se é o caso, adopten.

2. O presidente velará polo cumprimento das prescricións legais e regulamentarias, e dos acordos e disposicións que diten os órganos do Consello Xeral, os órganos do Consello Galego de Colexios Veterinarios, a Xunta de Goberno do colexio ou a Asemblea Xeral de Colexiados. As disposicións adoptadas no exercicio das súas funcións, segundo as facultades que lle están recoñecidas, deberán ser acatadas, sen prexuízo das reclamacións que contra elas procedan.

Ademais, corresponderanlle os seguintes cometidos:

a) Presidir todas as reunións da Asemblea Xeral de Colexiados e da Xunta de Goberno do colexio, ordinarias e extraordinarias, e calquera reunión de Colexiados a que asista naquela condición.

b) Nomear as comisións que considere necesarias, presidíndoas se o vulgar conveniente.

c) Convocar, abrir, dirixir e finalizar as sesións.

d) Asinar as actas que lle corresponda, logo de seren aprobadas.

e) Conseguir dos centros administrativos correspondentes os datos que necesite para cumprir os acordos da Xunta de Goberno.

f) Autorizar o documento que aprobe a Xunta de Goberno como xustificante de que o facultativo está incorporado ao colexio.

g) Autorizar os informes e comunicacións que se dirixan ás autoridades, corporacións ou particulares.

h) Autorizar as contas correntes bancarias, as imposicións que se fagan e os talóns ou cheques para retirar cantidades. Outorgar cantos documentos públicos e privados sexan necesarios para a compravenda de bens mobles e inmobles, en cumprimento dos acordos da Xunta de Goberno e da Asemblea Xeral de Colexiados de conformidade co previsto nestes estatutos.

i) Visar as certificacións que expida o secretario do colexio.

j) Aprobar os libramentos e ordes de pagamento e libros de contabilidade, xunto ao vogal da Sección Económica do Colexio.

k) Velar co maior interese pola boa conduta profesional dos Colexiados e polo decoro do colexio.

l) Fixar as directrices para a elaboración dos orzamentos colexiais.

4. O cargo de presidente será exercido gratuitamente. No entanto, nos orzamentos colexiais fixaranse as partidas precisas para atender aos gastos de representación da Presidencia do Colexio.

Artigo 10º.-*Funcións da Vicepresidencia.*

O vicepresidente levará a cabo todas aquelas funcións que lle confiase o presidente, asumindo as deste en caso de ausencia, enfermidade ou vacante. Cando estea vacante a Presidencia, o vicepresidente, logo de ratificación da Xunta de Goberno, desempeñará a Presidencia ata a toma de posesión do novo presidente. Ao desempeñar a condición de presidente, o vicepresidente cesará na súa condición de vogal da Xunta de Goberno, e deberase cubrir a vacante do vogal co seguinte máis votado nas últimas eleccións, de entre os Colexiados da provincia, e mediante designación da propia Xunta de Goberno.

Artigo 11º.-*Funcións da Secretaría.*

1. Independentemente das outras funcións que derivan destes estatutos, das disposicións vixentes, dos estatutos xerais da Organización Colexial Veterinaria, dos estatutos do Consello Galego de Colexios Veterinarios e das ordes emanadas da Presidencia, correspóndelle ao secretario:

a) Redactar e dirixir os oficios de citación para todos os actos do colexio, segundo as ordes que reciba do presidente e coa anticipación debida.

b) Redactar as actas das asembleas xerais de Colexiados e das reunións que realice a Xunta de Goberno, con expresión dos membros que asisten, coidando de que se copien, logo de seren aprobadas, no libro correspondente, e asinándoas co presidente.

c) Levar os libros que se precisen para o mellor e máis ordenado servizo.

d) Recibir e dar conta ao presidente de todas as solicitudes e comunicacións que se remitan ao colexio.

e) Asinar o documento acreditativo de que o veterinario está incorporado ao colexio.

f) Expedir as certificacións que soliciten os interesados.

g) Redactar anualmente a memoria que reflita as vicisitudes do ano, que se deberá ler na asemblea xeral ordinaria e que será elevada a coñecemento do Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España e do Consello Galego de Colexios Veterinarios, se é o caso.

h) Asumir a dirección dos servizos administrativos e a xefatura de persoal do colexio de acordo coas disposicións destes estatutos, sinalando, de acordo coa Xunta de Goberno, as horas que se deberán dedicar a recibir visitas e ao despacho da Secretaría.

i) Promover e coidar o servizo xurídico-laboral de defensa dos Colexiados fronte a terceiros.

j) Formar e manter actualizado o censo de ámbito provincial dos veterinarios adscritos ao colexio, así como o Rexistro Colexial de Sociedades Profesionais; poderalles dar aos datos a publicidade legal-

mente prevista ou autorizada pola Asemblea de Colexiados, así como emitir, co visto e prace do presidente, as certificacións que lle sexan solicitadas.

2. O cargo de secretario será exercido gratuitamente. No entanto, os orzamentos Colexiais consignarán as partidas precisas para atender os gastos inherentes ao cargo, pola necesidade dunha maior dedicación nas súas actividades.

Artigo 12º.-*Funcións da Vicesecretaría.*

O vicesecretario, como colaborador do secretario, levará a cabo todas aquelas funcións que lle confira o último, asumindo as deste en caso de ausencia, enfermidade ou vacante.

Artigo 13º.-*Funcións das vogalías.*

Unha vez que resulten escollidos os vogais na forma prevista nestes estatutos, o presidente asignarlles as funcións e competencias da área de xestión que se lles encomende.

SECCIÓN SEGUNDA

DA ASEMBLEA XERAL DE COLEXIADOS

Artigo 14º.-*Natureza.*

1. A Asemblea Xeral, constituída por todos os Colexiados de dereito, é o órgano supremo do colexio, e a ela deberá dar conta a Xunta de Goberno da súa actuación.

2. Os seus acordos, validamente adoptados, obrigan todos os Colexiados, incluso os que votasen en contra ou estivesen ausentes, sen prexuízo do dereito de impugnación que lles puidese corresponder.

Artigo 15º.-*Funcións da Asemblea Xeral.*

Son funcións da Asemblea Xeral as seguintes:

a) A elección do presidente e Xunta de Goberno do colexio.

b) Aprobación dos orzamentos de ingresos e gastos do colexio, para o exercicio seguinte.

c) Aprobación das liquidacións do orzamento do ano anterior.

d) Aprobación dos cambios de sede do colexio.

e) Aprobación e modificación dos estatutos deste colexio e os regulamentos relacionados coa ordenación do exercicio profesional que, unha vez aprobados e cumpridas as previsións que a este respecto se conteñen nos estatutos xerais da Organización Colexial Veterinaria e nos estatutos do Consello Galego de Colexios Veterinarios, serán de obrigado cumprimento.

f) Aprobación dos acordos tomados pola Xunta de Goberno do colexio sobre adquisición, alleamento, gravame e demais actos xurídicos de disposición sobre bens inmoebles da corporación. Será preceptiva a aprobación pola Asemblea para que estes se poidan levar a cabo.

g) Exercer e votar a moción de censura contra o presidente e a Xunta de Goberno do colexio ou contra algún dos seus membros, nos termos previstos nestes estatutos.

h) Aceptar ou denegar a cuestión de confianza exposta pola Xunta de Goberno ou por algún dos seus membros.

i) A fusión, absorción, segregación e disolución do colexio.

j) Acordar, por proposta da Xunta de Goberno e cando se considere conveniente por calquera motivo, a constitución de asociacións, fundacións ou outras entidades con personalidade xurídica sen ánimo de lucro.

k) Aqueles asuntos que lles someta a Xunta de Goberno por mereceren, ao seu criterio, esta atención, en razón da súa específica transcendencia colexial.

l) Aprobar, no ámbito das súas competencias, os regulamentos ou normas de réxime interior para o desenvolvemento e aplicación destes estatutos.

m) A aprobación da xestión, tanto do órgano de goberno coma do seu presidente.

Artigo 16º.-*Funcionamento da Asemblea Xeral.*

1. A Asemblea Xeral convocarase preceptivamente, con carácter ordinario, dúas veces ao ano. Unha no primeiro semestre, para aprobar a liquidación de ingresos e gastos do exercicio anterior, e outra no último trimestre, para aprobar os orzamentos do exercicio seguinte.

2. As asembleas xerais extraordinarias poderán ter lugar en todas aquelas ocasións en que o considere conveniente o presidente ou a Xunta de Goberno ou o soliciten un mínimo do quince por cento do total de colexiados; neste caso terán lugar nun prazo non superior a trinta días hábiles desde a presentación da solicitude.

3. As asembleas de colexiados deberanse convocar con, polo menos, quince días de antelación, especificando e acompañando a orde do día e facendo constar o lugar e a hora de realización.

4. A convocatoria será comunicada por escrito a todos os colexiados xunto coa orde do día, e farase constar a realización da sesión en segunda convocatoria, non podendo mediar entre a primeira e a segunda convocatoria da reunión un prazo inferior a media hora.

5. Os acordos da Asemblea Xeral serán adoptados por maioría simple e, en ningún caso, será válido o voto delegado, nin remitido por correo. En consecuencia, agás para a elección dos membros da Xunta de Goberno, o exercicio do dereito de voto supéditase á presenza física na reunión. Non se poderán tomar acordos que non figuren na correspondente orde do día. Quedará validamente constituída a Asemblea en primeira convocatoria, cando con-

rran a maioría dos seus membros. Entenderase validamente constituída en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asistentes.

Exceptuaranse das previsións e exixencias do parágrafo anterior os seguintes casos:

a) Cuestión de confianza. Os requisitos de quórum de asistencia e de adopción dos acordos recóllense no artigo 17º.

b) Moción de censura. Os requisitos de quórum de asistencia e de adopción dos acordos recóllense no artigo 18º.

c) Fusión, absorción, segregación e disolución do colexio. Requirirase, como mínimo, un quórum de asistencia dunha terceira parte dos colexiados. Para que prospere, exixirase o voto favorable da maioría absoluta dos presentes.

6. Teñen dereito a voto nas asembleas xerais, ordinarias ou extraordinarias, todos os colexiados nos cales non concorran incapacidade legal ou estatutaria, sempre que estean ao día das súas obrigas económicas ou non estean privados dese dereito xudicial ou disciplinariamente.

7. As votacións en asembleas xerais poderán ser secretas se así é proposto por un dez por cento dos asistentes.

No caso de que se produza un empate, decidirá o voto de calidade do presidente.

Artigo 17º.-*Cuestión de confianza.*

1. A Xunta de Goberno do colexio ou calquera dos seus membros pode expoñer ante a Asemblea Xeral extraordinaria de colexiados a cuestión de confianza sobre o seu programa de actuacións, se considerase contestado maioritariamente este, ou sobre a súa actuación no desempeño das súas funcións.

2. O outorgamento ou rexeitamento da confianza competará sempre á Asemblea Xeral extraordinaria de colexiados, convocada para ese único efecto pola Xunta de Goberno do colexio, por acordo dela ou por pedimento daquel dos seus membros que desexe expoñer individualmente a cuestión de confianza.

3. A confianza entenderase outorgada cando vote a favor a maioría simple dos asistentes, nos termos previstos no artigo 16º.5, parágrafos primeiro e segundo destes estatutos.

Artigo 18º.-*Moción de censura.*

1. A moción de censura á Xunta de Goberno ou a algún dos seus membros competará sempre á Asemblea Xeral extraordinaria de colexiados, convocada para ese único efecto.

2. A solicitude desa convocatoria de asemblea xeral extraordinaria requirirá a sinatura dun mínimo dun quince por cento dos colexiados exercentes en pleno disfrute dos seus dereitos colexiais e que estean ao día das súas obrigas económicas, incorporados, polo menos, con tres meses de antelación. A solicitude

deberá expresar con claridade as razóns ou motivos en que se funde.

3. A Asemblea Xeral extraordinaria de Colexiados deberá ter lugar dentro dos trinta días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que se presentase a solicitude, e non se poderán tratar nela máis asuntos que os expresados na convocatoria.

4. Para que a moción de censura sexa aprobada e se produza o conseguente cesamento da Xunta de Goberno ou do membro deste órgano a quen afecte, será necesario o voto favorable da maioría absoluta dos Colexiados integrantes do Colexio presentes na asemblea xeral extraordinaria.

Se a moción de censura fose aprobada pola maioría referida no parágrafo anterior, convocaranse eleccións na forma prevista nestes estatutos.

CAPÍTULO II DAS COMISIÓNS

Artigo 19º.-*Comisións asesoras.*

No Colexio poderán existir aquelas comisións que, no momento oportuno, se consideren necesarias, con finalidade exclusivamente asesora, e sobre a súa creación, funcións e desenvolvemento será informada a Asemblea Xeral de Colexiados. En todo caso, existirá unha comisión deontolóxica que asesorará e informará a Xunta de Goberno nos expedientes disciplinarios que se incoen aos Colexiados.

Cada unha destas comisións será presidida polo presidente ou vogal en quen este delegue, e actuará como secretario delas o secretario do Colexio, o vicesecretario ou Colexiado en quen eles deleguen. Os seus membros inescusablemente deberán ser Colexiados.

As comisións estarán integradas polos veterinarios nomeados pola Xunta de Goberno do Colexio Oficial.

Os estudos, propostas e conclusións de cada comisión serán remitidos á Xunta de Goberno, a cal decidirá se deben ser expostos e defendidos, se é o caso, polo membro que designe a comisión correspondente ante a Asemblea Xeral de Colexiados.

A programación dos temas obxecto de estudo poderá ser proposta pola Xunta de Goberno, pola propia comisión ou polo presidente do Colexio.

Habilitaranse os medios económicos necesarios para o desenvolvemento dos programas de traballo, cuxa contía será aprobada pola Asemblea Xeral de Colexiados.

Artigo 20º.-*Da Comisión Deontolóxica.*

1. Con carácter permanente existirá unha comisión deontolóxica que estará composta polos seguintes membros:

a) O presidente do Colexio ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente.

b) O vogal a quen se asignen as tarefas correspondentes á Sección de Deontoloxía, que actuará como secretario.

c) Un mínimo de tres e un máximo de seis Colexiados nomeados pola Xunta de Goberno, que representen os Colexiados exercentes nos distintos ámbitos da actuación profesional que existen na provincia, para o cal a Xunta de Goberno poderá solicitar das asociacións representativas dos distintos sectores profesionais existentes no seo dos Colexios a proposta daqueles Colexiados que xulguen máis idóneos para formar parte da comisión.

2. As funcións da Comisión Deontolóxica serán:

a) Conseguir informes de profesionais ou emitir informes non vinculantes, por petición do instructor ou da Xunta de Goberno, en calquera das fases do procedemento disciplinario.

b) Propoñer á Xunta de Goberno cantas actuacións crea convenientes para unha mellor ordenación e deontoloxía profesional.

c) Informar de cantos proxectos de normas de orde deontolóxica ou relativa á ordenación profesional se elaboren.

CAPÍTULO III

DAS ELECCIÓNS A PRESIDENTE E Á XUNTA DE GOBERNO

Artigo 21º.-*Condicións de elixibilidade.*

Son condicións necesarias tanto para optar a un cargo Colexial como para resultar escollido para este encontrarse Colexiado no exercicio da profesión veterinaria, estar ao día no aboamento das cotas Colexiais e demais obrigas estatutarias e non estar incurso en ningunha das incompatibilidades previstas na Lei de Colexios profesionais, os estatutos xerais da Organización Colexial Veterinaria, os estatutos do Consello Galego de Colexios Veterinarios e en cantas disposicións se diten con carácter xeral a ese respecto.

Para poder optar e ser escollido para o cargo de presidente, ademais, será preciso ter unha antigüidade de cinco anos, como mínimo, de Colexiación ininterrompida no Ilustre Colexio Oficial de Veterinarios da provincia de Lugo.

Artigo 22º.-*Electores.*

Todos os Colexiados con dereito a voto elixirán de entre eles o presidente, secretario e cinco vogais. O presidente, unha vez escollidos os integrantes da Xunta de Goberno, establecerá as áreas de xestión e competencias que se asignan a cada un dos vogais escollidos.

Para exercer o dereito de sufraxio activo, os Colexiados deberán estar ao día no aboamento das cotas Colexiais e das súas obrigas estatutarias con anterioridade ao momento en que se acorde a convocatoria.

Artigo 23º.-Duración do mandato.

1. A renovación dos cargos da Xunta de Goberno realizarase cada catro anos, e as eleccións terán lugar cunha antelación mínima de quince días ao da data de finalización do período de mandato dos citados cargos.

2. A Xunta de Goberno do colexio convocará oportunamente as eleccións para a renovación dos cargos, ao cal dará a debida publicidade, sinalando na convocatoria os prazos para a súa realización. As candidaturas poderanse presentar no prazo de trinta días a partir do día seguinte ao da adopción do acordo de convocatoria de eleccións.

3. Desde a convocatoria das eleccións ata que os novos membros da Xunta de Goberno tomen posesión, actuará con carácter de provisional a Xunta de Goberno saínte.

4. En caso de renovación total ou parcial dos órganos directivos: presidente e Xunta Xeral, de conformidade co artigo 32.2º da Lei 11/2001, levará cabo unha auditoría contable para o efecto agás que esta se veña producindo anualmente.

Artigo 24º.-Presentación de candidatos.

Os candidatos deberán reunir os requisitos que sinala o artigo 21º destes estatutos e solicitalo por escrito á Xunta de Goberno do colexio. A solicitude poderase facer en forma individual ou en candidatura conxunta.

Artigo 25º.-Proclamación de candidatos.

1. O día seguinte ao da expiración do prazo para a presentación de candidaturas, a Xunta de Goberno do colexio reunirse en sesión extraordinaria e proclamará a relación dos candidatos que reúnen as condicións de elixibilidade; abrirase un prazo de 48 horas para posibles reclamacións e emenda de erros, vistas as cales se proclamará a relación de candidatos definitiva, da cal se dará conta ao Consello Xeral e ao Consello Galego de Colexios Veterinarios. As votacións terán lugar a partir dos vinte días naturais seguintes.

2. Queda prohibida toda actividade electoral que implique descrédito ou falta de respecto persoal aos demais candidatos e que estea en desacordo cos principios de carácter deontolóxico, de obrigada aplicación en todo o territorio nacional. O seu incumprimento comportará a depuración da correspondente responsabilidade deontolóxica.

3. No suposto de que só se presentase unha candidatura, a Xunta de Goberno, logo de comprobación de que o candidato ou, se é o caso, os candidatos, reúne/n os requisitos que establecen estes estatutos, proclamará os electos sen que proceda ningunha votación.

Artigo 26º.-Procedemento electivo.

1. A elección dos membros da Xunta de Goberno será por votación directa e secreta, na cal poderán

tomar parte todos os colexiados con dereito a voto, conforme o disposto nestes estatutos.

2. O voto deberá ser emitido persoalmente ou por correo certificado, nun sobre asinado que incluíra a papeleta do voto no seu sobre pechado, fotocopia do DNI ou pasaporte do remitente con dereito a voto. A solicitude de exercicio do voto por correo deberá ser recibida ou presentada no colexio con dez días naturais de antelación ao da votación.

3. En función dos avances técnicos, permítese o voto por correo electrónico, que nese caso non é secreto, validado, mediante sinatura electrónica, debidamente recoñecida. Tal exercicio deberá ser solicitado con dez días naturais de antelación ao da votación.

Unha vez presentada ou recibida en prazo a solicitude de exercicio do voto por correo, este será válido sempre que se reciba na mesa antes de se declarar o inicio da realización do escrutinio.

En todo caso, o voto presencial invalida toda outra forma de emisión de voto realizada con anterioridade.

4. A mesa electoral estará constituída, no día e hora que se fixe na convocatoria, por tres colexiados e os seus respectivos suplentes, cuxa designación se fará por sorteo público entre todos os colexiados con dereito a voto que non se presenten á elección; a aceptación será obrigatoria, agás causa xustificada. O presidente da mesa e o seu suplente serán designados pola Xunta de Goberno de entre os escollidos e será o máis novo o que actuará como secretario. Calquera candidato poderá nomear un interventor.

Os votantes están obrigados a acreditar ante a mesa electoral a súa identidade. A mesa comprobará a súa inclusión no censo, e o seu presidente, tras pronunciar en voz alta o nome e apelidos do votante indicando que vota, introducirá a papeleta co seu sobre na urna correspondente.

Serán nulos todos os votos recaídos en persoas que non figuren nas candidaturas aprobadas, así como as papeletas que conteñan frases ou expresións distintas do nome e cargo do candidato proposto.

5. Unha vez finalizada a votación dos asistentes e, en último lugar, a dos membros da mesa e os interventores, procederase a depositar na urna os votos enviados por correo e a efectuar o escrutinio.

No caso de empate, considerarase electo o candidato con maior antigüidade ininterrompida de colexiación, para o cargo en que se produza o empate.

Do desenvolvemento da votación e do resultado do escrutinio elaborárase a acta seguidamente, asinada por todos os membros da mesa, a cal se elevará ao Consello Xeral de Colexios de Veterinarios de España e ao Consello Galego de Colexios Veterinarios de Galicia, para o seu coñecemento.

6. Concluído o escrutinio, ábrese un prazo de tres días hábiles para a presentación de reclamacións.

A mesa electoral resolverá sobre elas, notificando a súa resolución no prazo de dous días hábiles. Tras a resolución das posibles reclamacións, a mesa electoral proclamará os candidatos electos. A acta de proclamación será subscribida por todos os membros da mesa electoral e remitida á Xunta de Goberno en funcións.

7. No prazo máximo de quince días hábiles despois de celebradas as eleccións, os colexiados electos para presidente, secretario e vogais reuniranse coa Xunta de Goberno saínte para a toma de posesión e traspaso de funcións. A seguir, os novos cargos reuniranse entre eles para designar vicepresidente e vicesecretario, asignar as distintas áreas de xestión e actuación dos vogais, na forma prevista nestes estatutos. Desta reunión elaborárase a acta correspondente cos cargos xa establecidos e efectivos.

8. No suposto de impugnacións xudiciais dos resultados electorais, sen prexuízo da resolución xudicial que recaia no seu día, serán en todo caso proclamados e nomeados con carácter provisional nos seus cargos aqueles candidatos que máis votos obteñan e, no caso de empate, rexeráse polo punto 26º.5.

9. Unha vez definitivamente escollidos os órganos de goberno do colexio e a súa composición, comunicárase a súa composición á Xunta de Galicia, tanto á consellería competente en materia de colexios profesionais como á consellería ou consellerías competentes por razón da profesión veterinaria.

Artigo 27º.-*Publicidade e reclamacións.*

1. Ás listas de electores e ás de candidatos daráselles publicidade no taboleiro do colexio e na páxina web colexial para os efectos de reclamacións no prazo que acorde a Xunta de Goberno ao convocar as eleccións.

2. Unha vez resoltas as reclamacións pola Xunta de Goberno, serán de novo sometidas a publicidade. A lista definitiva de electores servirá á mesa electoral para comprobacións durante a votación electoral conforme o previsto no articulado precedente.

Artigo 28º.-*Causas de cesamento e vacantes.*

1. Os membros da Xunta de Goberno do colexio Oficial de Veterinarios de Lugo cesarán polas causas seguintes:

- a) Expiración ou termo do prazo para o cal foron escollidos.
- b) Renuncia ou dimisión do interesado.
- c) Condena por sentenza firme, que comporte a inhabilitación para cargos públicos.
- d) Sanción disciplinaria firme por falta grave ou moi grave.
- e) Perda das condicións de elixibilidade anteriormente expresadas.

f) A denegación por parte da Asemblea Xeral de colexiados da confianza nos termos previstos nestes estatutos.

g) A aprobación da moción de censura nos termos previstos nestes estatutos.

h) Por nomeamento para un cargo político de carácter executivo do Goberno ou da Administración pública central, autonómica, local ou institucional, ou para calquera outro que estea afecto pola lexislación estatal ou autonómica vixente en materia de incompatibilidades.

i) Por falecemento.

2. O Consello Galego de Colexios Veterinarios adoptará as medidas que xulgue convenientes para completar provisionalmente a Xunta de Goberno do colexio, cando se produza o cesamento de máis da metade dos cargos daquelas.

A Xunta provisional así constituída exercerá as súas funcións ata que tomen posesión os designados en virtude de elección, que terá lugar conforme as disposicións destes estatutos, nun período máximo de tres meses.

3. Cando as vacantes que se produzan na Xunta de Goberno afecten menos da metade dos seus cargos, a propia Xunta designará o substituto con carácter de interinidade, ata que se verifique a convocatoria de novas eleccións, no prazo máximo de tres meses. Ao cubrirse calquera destes cargos nos supostos referidos, a duración destes será soamente ata o próximo período electoral.

A provisión do novo membro da Xunta de Goberno deberá comunicarse ao Consello Xeral e ao Consello Galego de Colexios Veterinarios, dentro dos quince días naturais seguintes.

TÍTULO III DOS COLEXIADOS

CAPÍTULO I DA ADQUISICIÓN, DENEGACIÓN E PERDA DA CONDICIÓN DE COLEXIADO

Artigo 29º.-*Exercicio profesional. Colexición única.*

1. Será requisito indispensable e previo para o exercicio da profesión veterinaria na provincia de Lugo, en calquera das súas modalidades, agás o suposto establecido no artigo 3 da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, para a incorporación ao Ilustre Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo.

É dicir, os profesionais titulados vinculados á Administración pública mediante relación de servizos de carácter administrativo ou laboral non precisan estar colexiados para o exercicio das funcións puramente administrativas nin para a realización de actividades propias ou correspondentes á súa profesión por conta da Administración a que pertenza, cando o destinatario inmediato daquelas sexa esa

Administración. Si será obrigatoria, en consecuencia, a colexiación para o exercicio da actividade privada.

Os/as que pretendan realizar actividades propias dos veterinarios en calquera das súas modalidades están obrigados a solicitar, previamente ao inicio da actividade profesional, ben sexa por conta propia ou allea, e/ou para o servizo de entidades privadas, ou como socio profesional dunha sociedade profesional, a inscrición no colexio profesional correspondente á localidade onde radique o seu domicilio profesional único ou principal.

2. O exercicio profesional pódese verificar:

a) Ao servizo de empresas, entidades, explotacións e industrias ou negocios relacionados coa veterinaria.

b) De forma libre, que corresponderá a calquera actividade ou traballo que se realice ao abeiro do título de licenciado en veterinaria e que non estea incluído nos puntos anteriores.

3. O exercicio da profesión, en calquera das súas modalidades, efectuarano os veterinarios colexiados, de acordo coas normas reguladoras establecidas nestes estatutos e nas normas que, para tales fins, diten e adopten o Consello Xeral e o Consello Galego de Colexios Veterinarios, sen prexuízo da regulación que, contida nas disposicións legais vixentes, estatais e autonómicas, lles sexan de aplicación por razón da modalidade do seu exercicio profesional. De toda inscrición, alta ou baixa neste colexio darase inmediata conta ao Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España e ao Consello Galego de Colexios Veterinarios.

4. Igualmente serán de aplicación a todos os profesionais veterinarios, no relativo ao exercicio da súa profesión, as normas contidas no código deontolóxico para o exercicio da profesión veterinaria.

5. Os veterinarios poderán exercer a profesión a través de sociedades profesionais, unha vez que se constituán de conformidade co establecido na súa lei reguladora e estean debidamente inscritas no Rexistro de Sociedades Profesionais do Colexio de Veterinarios que territorialmente corresponda. Seranlles de aplicación a elas, igualmente no relativo ao exercicio da profesión, as normas contidas no código deontolóxico para o exercicio da profesión veterinaria.

En todo caso, o exercicio da profesión de veterinario a través dunha sociedade profesional, ou como socio profesional dela, non eximirá da obriga de colexiación prevista neste artigo, nin poderá ser substituída pola inscrición de tal sociedade profesional no citado rexistro colexial.

Artigo 30º.-*Requisitos.*

1. Para a incorporación ao Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo requírese acreditar, como condicións xerais de aptitude, as seguintes:

a) Ser de nacionalidade española ou dalgún dos Estados membros da Unión Europea, agás o dispo-

to en tratados ou convenios internacionais ou dispensa legal respecto a outros nacionais. En consecuencia, os estranxeiros terán iguais dereitos que os españois para se inscribiren neste colexio, sempre que reúnan a titulación requirida e demais requisitos fixados.

b) Ser maior de idade e non estar incurso en causa de incapacidade.

c) Estar en posesión do título de licenciado en veterinaria ou dos títulos estranxeiros que, conforme as normas vixentes, sexan homologados a aqueles, todo iso de acordo co previsto tamén nas normas e acordos da Unión Europea e tratados internacionais ao respecto.

d) Carecer de antecedentes penais que o/a inhabiliten para o exercicio profesional.

e) Satisfacer a cota de ingreso e demais obrigas económicas que teña establecidas o colexio.

f) Cumprir os requisitos de idoneidade ou aptitude para o exercicio profesional establecidos ou que se establezan regulamentariamente ou a través de acordos dos órganos colexiados do Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España e do Consello Galego de Colexios Veterinarios. Os requisitos a título de exemplo poden ser: non encontrarse incapacitado civilmente, ou suspendido provisionalmente pola autoridade xudicial ou administrativa en uso das súas facultades, etc.

2. Xa que non cabe unha colexiación de oficio, o Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo exercerá as accións xurídicas oportunas en relación coas prácticas antixurídicas das persoas non colexiadas.

Artigo 31º.-*Solicitudes de colexiación.*

1. Para ser admitido no Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo xuntarase á solicitude en documento normalizado o correspondente título orixinal ou testemuño notarial deste e certificación académica. O xustificante pola universidade de procedencia do aboamento dos dereitos de expedición do título poderá suplir a ausencia do orixinal, quedando obrigado o colexiado á súa presentación unha vez que lle sexa expedido ou requirido para iso. Presentarase igualmente DNI ou cédula de identificación persoal, e certificación de antecedentes penais co fin de acreditar que o solicitante non está incurso en ningunha causa que lle impida o seu exercicio profesional como veterinario. Igualmente, designará ou sinalará unha conta bancaria na cal se cargarán as cotas colexiais ou aqueloutras obrigas colexiais.

2. Se o solicitante proceder dalgún dos países membros da Unión Europea, deberá presentar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos exixidos pola normativa comunitaria.

Se o solicitante proceder dalgún dos países non membros da Unión Europea, deberá presentar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos exixidos ben pola normativa comunitaria,

ben pola nacional ou a da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme os convenios ou acordos internacionais ao respecto.

3. O solicitante fará constar que vai exercer a profesión veterinaria, lugar en que a vai desempeñar, así como modalidade daquela e, se é o caso, a especialidade.

4. Corresponde á Xunta de Goberno do colexio resolver sobre as solicitudes de incorporación ao colexio. A Xunta de Goberno acordará, no prazo máximo dun mes, o que xulgue pertinente acerca da solicitude de inscrición. Unha vez transcorrido ese prazo sen contestación, entenderanse aprobadas por silencio administrativo. Non obstante, no caso de que a resolución sexa denegatoria da colexiación, deberá a Xunta motivar a súa decisión respecto ao incumprimento ou falta dalgún dos requisitos establecidos no artigo 30º.

5. As solicitudes de incorporación serán aprobadas ou denegadas, de conformidade co disposto nestes estatutos e na normativa que os complementan. A Xunta de Goberno practicará as dilixencias e recibirá os informes que, se é o caso, considere oportunos e notificará a resolución motivada que proceda.

6. Nos casos en que se verifique exercicio de actividade profesional sen a preceptiva colexiación, logo de requirimento do cumprimento de deber de colexiación, a Xunta de Goberno poderá, após a comprobación de que o interesado cumpre os requisitos establecidos no artigo 30º, coa conseguinte notificación ao interesado, exercer as accións xurídicas oportunas en relación coas prácticas antixurídicas das persoas non colexiadas.

7. Contra a decisión da Xunta de Goberno nesta materia caberá recurso de alzada perante o Consello Galego de Colexios Veterinarios, ou aqueloutro que en dereito corresponda.

Artigo 32º.-*Denegación da colexiación.*

A solicitude de colexiación será denegada nos seguintes casos:

a) Cando os documentos presentados coa solicitude de ingreso sexan insuficientes ou ofrezan serias dúbidas sobre a súa lexitimidade ou autenticidade e non se complementasen ou emendasen no prazo sinalado para o efecto.

b) Cando o solicitante sufrise algunha condena por sentenza firme dos tribunais que no momento da solicitude o/a inhabilite para o exercicio profesional.

c) Cando fose expulsado doutro colexio sen ser rehabilitado.

d) Cando, ao formular a solicitude, estivese suspendido do exercicio da profesión, en virtude de corrección disciplinaria corporativa firme.

Unha vez obtida a rehabilitación ou desaparecidos os obstáculos que se opuxesen á colexiación, esta

deberá ser aceptada polo colexio sen dilación nin escusa ningunha.

Artigo 33º.-*Trámites posteriores á admisión.*

Logo de ser admitido o solicitante no Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo, expediráselle a tarxeta de identidade correspondente, e daráselles conta da súa inscrición ao Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España e ao Consello Galego de Colexios Veterinarios, no modelo de ficha normalizada que estes establezan. Así mesmo, abrírase un expediente persoal no cal se consignarán os seus antecedentes e actuación profesional. O colexiado estará obrigado a lle facilitar en todo momento ao colexio os datos precisos para manter actualizados os ditos antecedentes.

Artigo 34º.-*Perda da condición de colexiado.*

1. A condición de colexiado perderase:

a) Por baixa voluntaria, ao cesar no exercicio profesional en calquera das súas modalidades e mediante escrito en tal sentido dirixido ao colexio.

b) Por condena xudicial firme que leve consigo a accesoria de inhabilitación para o exercicio da profesión veterinaria.

c) Por sanción firme de expulsión colexial acordada en expediente disciplinario para o efecto.

d) Por falecemento.

e) Aqueloutras previstas legalmente.

2. A perda da condición de colexiado será acordada pola Xunta de Goberno do colexio en resolución motivada, que será debidamente notificada a este.

3. As baixas colexiais serán comunicadas ao Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España e ao Consello Galego de Colexios Veterinarios.

4. As baixas colexiais non liberan do cumprimento das débedas vencidas e non satisfeitas.

CAPÍTULO II

COMUNICACIÓN DE ACTUACIÓNS PROFESIONAIS NOUTRAS DEMARCACIÓNS

Artigo 35º.-*Comunicacións.*

1. Os colexiados no Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo que desexen actuar no ámbito territorial doutro colexio oficial de veterinarios deben comunicalo ao colexio previa e preceptivamente ao desenvolvemento da súa actuación profesional, e quedarán suxeitos ás normas e competencias de orde, control deontolóxico e potestade disciplinaria do colexio destinatario da citada actuación.

2. Igualmente, o colexiado noutro colexio oficial de veterinarios que desexe actuar no ámbito territorial do Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo deberá comunicar previa e preceptivamente a súa actuación a este, presentando documento acreditativo da súa colexiación. Logo de cumprido este trámite,

poderá realizar a actuación profesional de que se trate. Estes Colexiados non adquiren por este feito a condición de Colexiados no Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo e, polo tanto, non desfrutarán dos dereitos políticos neste Colexio, nin se lles poderán exixir contraprestacións económicas por ese concepto. Porén, deberán aboar as cotas que se exixan habitualmente aos Colexiados de Lugo pola prestación dos servizos de que sexan beneficiarios e que non estean cubertos pola cota Colexial. Os devanditos Colexiados quedarán suxeitos ás normas e competencias de orde, control deontolóxico e potestade disciplinaria do Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo.

CAPÍTULO III DAS CLASES DE COLEXIADOS

Artigo 36º.-*Clases de Colexiados.*

1. Para os fins destes estatutos, os Colexiados clasificaranse en:

- a) Exercentes.
- b) Non exercentes.
- c) Honoríficos.
- d) Membros de honra.

2. Serán Colexiados exercentes cantos practiquen a profesión veterinaria en calquera das súas diversas modalidades.

3. Serán Colexiados non exercentes aqueles veterinarios que, pertencendo á Organización Colexial Veterinaria, non exerzan a profesión.

4. Serán Colexiados honoríficos os veterinarios xubilados no exercicio da profesión en calquera das súas modalidades, sempre que leven un mínimo de vinte anos de Colexiación, e os que se atopen en estado de invalidez ou incapacidade permanente para o exercicio da profesión. Os Colexiados honoríficos estarán exentos do pagamento das cotas Colexiais.

5. Serán membros de honra aquelas persoas físicas ou xurídicas, veterinarios ou non, que realicen un labor relevante e meritorio en relación coa profesión veterinaria. Esta categoría será puramente honorífica. Poderá/n ser proposto/s para unha recompensa á autoridade competente.

CAPÍTULO IV DEREITOS, DEBERES E PROHIBICIÓNS DOS COLEXIADOS

Artigo 37º.-*Dereitos dos Colexiados.*

Os Colexiados terán os seguintes dereitos:

a) Participar na xestión corporativa, asistindo ás asembleas de Colexiados, con dereito a voz e voto. Así mesmo, poderán exercer o dereito de pedimento nos termos en que se regula na vixente lexislación.

b) Sufraxio, activo e pasivo, nas eleccións á Xunta de Goberno, na forma determinada por estes estatutos.

c) Ser amparados polo Colexio, polo Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España e polo Consello Galego de Colexios Veterinarios cando se consideren vexados ou molestados por motivos de exercicio profesional.

d) Ser representados polo Colexio, polo Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España e polo Consello Galego de Colexios Veterinarios cando necesiten presentar reclamacións xudiciais ou extraxudiciais con ocasión do exercicio profesional, outorgando os poderes do caso e sendo por conta do Colexiado solicitante os gastos de profesionais e as custas xudiciais que o procedemento ocasione.

e) Desfrutar de todos os beneficios establecidos polo Colexio, o Consello Xeral e polo Consello Galego de Colexios Veterinarios en canto se refire a recompensas, cursos, bolsas, etc., así como ao uso da biblioteca Colexial, tanto no local social coma no propio domicilio, mediante o cumprimento dos requisitos que se sinalen.

f) Propoñer razoadamente todas as iniciativas que considere beneficiosas para a profesión e elevar as queixas fundamentadas de actos ou feitos que poidan ir en prexuízo seu, do Colexio ou da profesión.

Poderán tamén solicitar da Xunta de Goberno a convocatoria de asembleas xerais extraordinarias, sempre que sexa en unión de, polo menos, o quince por cento dos Colexiados.

Así mesmo, e nos termos previstos nestes estatutos, poderán solicitar da Xunta de Goberno a convocatoria de asemblea xeral extraordinaria para o exercicio da moción de censura á citada Xunta de Goberno ou a algúns dos seus membros. Igualmente, correspóndelles o dereito de sufraxio activo na forma prevista nestes estatutos no suposto de formulación por parte da Xunta de Goberno ou dalgún dos seus membros da cuestión de confianza.

g) Percibir todas e cada unha das prestacións sociais ou asistenciais que teña baixo a súa tutela e preste o Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España, o Consello Galego de Colexios Veterinarios ou o Colexio respectivo.

h) Desempeñar os cargos para os cales sexan nomeados e exercer, en xeral, todos os demais dereitos que as disposicións vixentes lles concedan.

i) Solicitar do Colexio a tramitación do cobramento dos honorarios que se percibirán por servizos, informes, etc., sempre que o Colexio teña creados os servizos oportunos e sendo por conta do Colexiado solicitante os gastos de profesionais e as custas xudiciais que o procedemento ocasione, ben que neses casos se deberá observar o que regulamentaría ou gobernativamente se estableza no seu día ao respecto.

j) Exercer a súa profesión de acordo co disposto nestes estatutos, nos estatutos xerais da Organización Colexial Veterinaria, nos estatutos do Consello Galego de Colexios Veterinarios, no código deontolóxico vixente e nas demais disposicións que regulen o exercicio profesional.

Artigo 38º.-Deberes dos colexiados.

1. É deber fundamental de todo colexiado, mesmo cando a profesión se exerza a través dunha sociedade profesional, exercer a profesión de acordo coa máis pura ética e dentro do espírito que dimana destes estatutos xerais e do código deontolóxico para o exercicio da profesión.

2. Son tamén deberes dos colexiados, mesmo cando a profesión se exerza a través dunha sociedade profesional, entre outros, os seguintes:

a) Cumprir canto dispoñen estes estatutos, os estatutos xerais da Organización Colexial Veterinaria Española, os estatutos do Consello Galego de Colexios Veterinarios Galegos e os acordos e decisións emanadas das anteriores autoridades colexiais ou deste colexio.

b) Estar ao día no pagamento de todas e cada unha das cotas colexiais e satisfacer toda clase de débitos que tivese pendentes por subministración de documentos oficiais.

c) Desempeñar os cargos para os cales fosen designados nas xuntas de goberno e en calquera outra comisión colexial, ben que se poderá alegar ao respecto o réxime de excusas previsto legalmente.

d) Axustar a súa situación e actuación profesional en todo momento ás exixencias legais, estatutarias e deontolóxicas que rexen o exercicio da profesión de veterinario.

e) Empregar a maior corrección e lealdade nas súas relacións co colexio e cos outros colexiados, comunicándolle a aquel calquera incidencia vexatoria a un colexiado no exercicio profesional de que teña noticia.

f) Denunciar por escrito ao colexio todo acto de intrusismo que chegue ao seu coñecemento, así como os casos de exercicio ilegal.

g) Comunicar o seu domicilio profesional e os eventuais cambios deste ao colexio, a denominación e domicilio social das sociedades profesionais a través das cales exerzan, como socios ou non, a profesión, así como todos os demais extremos destas previstos legalmente en caso de que tal exercicio se efectúe como socio profesional.

h) Comunicar por escrito igualmente, no caso de substitución por ausencia ou doenza, o nome e domicilio do facultativo colexiado que o/a substitúa, para a súa debida constancia.

i) Someter a visado do colexio os contratos, informes, proxectos, ditames e calquera outro documento que o precise, nos termos previstos nestes estatutos,

nos estatutos xerais da Organización Colexial Veterinaria Española e nos estatutos do Consello Galego de Colexios Veterinarios.

j) Facilitarlle ao colexio os datos que se lle soliciten para a formación do ficheiro de colexiados, co obxecto de facer posible o cumprimento dos seus fins e das súas funcións. Atenderá, así mesmo, calquera requirimento que lle faga a Xunta de Goberno, o Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España ou o Consello Galego de Colexios Veterinarios para formar parte das comisións especiais de traballo, e prestaralles a estas a súa maior colaboración.

k) Os colexiados deberán cumprir, ademais, aqueles deberes que lles sexan impostos como consecuencia de acordos adoptados polo colexio, o Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España ou o Consello Galego de Colexios Veterinarios no marco das súas competencias.

l) Calquera outro deber que se desprenda das prescricións destes estatutos ou das comprendidas nos estatutos xerais da Organización Colexial Veterinaria Española ou nos estatutos do Consello Galego de Colexios Veterinarios.

3. No caso de que a profesión se exerza a través dunha sociedade profesional, esta tamén será directamente responsable do cumprimento dos referidos deberes, en canto lle sexan de aplicación.

Artigo 39º.-Prohibicións.

1. En xeral, prohíbeselles expresamente aos colexiados, mesmo cando a profesión se exerza a través dunha sociedade profesional, realizaren prácticas profesionais contrarias ao disposto na lexislación vixente ou ás normas éticas, deontolóxicas e xurídicas da profesión veterinaria.

2. Ademais, prohíbeselles especificamente aos colexiados:

a) Ofrecer a eficacia garantida de procedementos curativos ou de medios persoais que non recibisen a confirmación de entidades científicas ou profesionais de recoñecido prestixio.

b) Empregar tratamentos ou medios non controlados cientificamente e disimular ou finxir a aplicación de elementos diagnósticos e terapéuticos.

c) Realizar prácticas dicotómicas.

d) Empregar recrutadores de clientes.

e) Efectuar manifestación ou divulgar noticias en calquera forma que dean a entender coñecemento, como técnicas, resultados ou calidades especiais das cales se deduzan ou poidan deducir, directa ou indirectamente, comparacións coa actividade profesional doutros colexiados, na medida en que as ditas actuacións vulneren o disposto na Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral da publicidade.

f) Tolerar ou encubrir en calquera forma a quen, sen título suficiente ou non homologado, sen estar colexiado, trate de exercer ou exerza a profesión veterinaria.

g) Exercer a profesión nun consultorio veterinario ou en calquera outro centro do cal, sexa ou non titular, teña coñecemento de prácticas ilegais por parte doutras persoas, mesmo cando se efectúen fóra da súa presenza e en horas distintas ás do seu exercicio profesional.

h) Permitirlles o uso de clínica ou consultorio veterinario a persoas que, mesmo dispoñendo de título suficiente para exercer a veterinaria, non estean debidamente colexiadas.

i) Prestar o seu nome para que figure como director facultativo ou asesor de clínica veterinaria, que non dirixa, atenda ou asesore persoal e directamente, ou que non se axuste ás leis vixentes e a estes estatutos, aos estatutos xerais da Organización Colexial Veterinaria ou aos estatutos do Consello Galego de Colexios Veterinarios ou se violen neles as normas deontolóxicas.

j) Aceptar remuneracións ou beneficios de laboratorios de medicamentos ou fabricantes de utensilios de cura, ou calquera instrumento, mecanismo ou utensilios relacionados coa veterinaria, en concepto de comisión, como propagandista, como provedor de clientes ou por outros motivos que non sexan de traballos de asesoramento científico especificamente encomendados, de conformidade coas normas vixentes.

k) Exercer a veterinaria cando se evidencian manifestamente alteracións orgánicas, psíquicas ou hábitos tóxicos que o/a incapaciten para ese exercicio, mediante a confirmación de recoñecemento médico.

l) O anuncio ou difusión dos seus servizos, directamente ou a través de medios publicitarios, violando o disposto na legalidade vixente ou o acordado pola Organización Colexial Veterinaria en materia de publicidade.

ll) Efectuar manifestacións públicas, ou a través da prensa, radio, televisión ou calquera outro medio, das cales poida derivar un perigo potencial para a saúde da poboación ou un desprestixio ou prexuízo para o colexio, os seus colexiados ou membros da súa Xunta de Goberno.

m) Utilizar a condición de especialista nalgunha rama da profesión sen ter a titulación acreditativa pertinente.

n) En xeral, realizar prácticas profesionais contrarias ao disposto nas normas, legais ou deontolóxicas, que rexen o exercicio profesional da veterinaria.

3. As referidas prohibicións tamén se aplicarán ás sociedades profesionais cando a profesión se exerza a través delas, en canto lles sexan de aplicación.

TÍTULO IV

DO RÉXIME DE DISTINCIÓNS E PREMIOS

Artigo 40º.-*Distincións e premios.*

1. Correspóndelle á Xunta de Goberno do colexio a concesión de mencións honoríficas e títulos de colexiados ou de presidentes de honra, a favor de calquera veterinario, así como tamén de personalidades ou entidades non veterinarias que, ao seu xuízo, o merezan.

2. Os colexiados veterinarios, no momento da súa xubilación, se contan con máis de vinte anos de colexiación e non teñen nota desfavorable dos seus expedientes colexiais, serán designados automaticamente colexiados honoríficos.

3. A concesión do título de colexiado ou presidente de honra e a adquisición da condición de colexiado honorífico comportarán a exención do pagamento de cotas colexiais, tanto ordinarias coma extraordinarias.

4. As propostas de bolsas e axudas para estudos poderanse facer sempre que se estableza previsión orzamentaria ao respecto e que por parte do beneficiario se acredite ser familiar en primeiro grao en liña directa de veterinario colexiado, xubilado ou falecido, e por núcleo familiar se acredite mediante declaración da renda non percibir máis de 12.000 € anuais -ou aquela que se acorde en Xunta de Goberno-; farase igualmente extensible a estudantes de veterinaria que acrediten un excelente e meritorio historial académico.

5. A Xunta de Goberno do colexio Oficial poderán acordar felicitacións a favor dos seus colexiados, e mesmo dos doutros colexios, cando pola súa conduta exemplar ou polos seus méritos e servizos extraordinarios prestados aos colexios ou á profesión se fixesen acredores diso.

Cando o beneficiario resida nunha provincia non pertencente á Comunidade Autónoma de Galicia, a proposta será tramitada a través do Consello Xeral.

TÍTULO V

DO RÉXIME ECONÓMICO

CAPÍTULO ÚNICO

DOS RECURSOS ECONÓMICOS E DOS GASTOS

Artigo 41º.-*Recursos económicos.*

1. Os recursos económicos do colexio poderán ser ordinarios e extraordinarios.

2. Serán recursos ordinarios:

a) Os rendementos de calquera natureza que produzan as actividades corporativas, os bens ou dereitos que integran o patrimonio do colexio, así como os fondos depositados nas súas contas.

b) Os dereitos fixados pola Xunta de Goberno pola emisión de ditames, resolucións, informes, taxa-

cións, visados, estudos e outros servizos ou consultas que aquela efectúe sobre calquera materia.

c) As cotas de incorporación.

d) O importe das cotas ordinarias, fixas ou variables, así como as cotas extraordinarias.

e) Os dereitos que fixe a Xunta de Goberno por expedición de certificacións.

f) As cantidades procedentes de sancións.

g) A participación que asignen o Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España e o Consello Galego de Colexios Veterinarios nos impresos de carácter oficial e calquera outro elemento de certificación, garantía e identificación.

h) As cantidades derivadas da prestación doutros servizos xerais aos colexiados.

3. Serán recursos extraordinarios:

a) As doazóns ou subvencións de procedencia pública ou privada.

b) Os bens e dereitos de toda clase que, por heranza ou por calquera outro título gratuito, se incorporen ao patrimonio colexial.

c) As cantidades que por calquera outro concepto corresponda percibir ao colexio cando administre, en cumprimento dalgún cargo temporal ou perpetuo, incluso cultural ou benéfico, determinados bens ou rendas.

d) Calquera outro que legalmente proceda.

Artigo 42º.-Confeción e liquidación de orzamentos.

1. Anualmente o vogal-delegado da Sección ou Comisión Económica confeccionará, segundo as directrices do presidente, o orzamento de ingresos e gastos que someterá á aprobación da Xunta de Goberno; esta última deberao presentar durante o último trimestre de cada ano á aprobación da Asemblea Xeral de colexiados.

2. Durante quince días anteriores ao da realización da asemblea, os orzamentos poranse en coñecemento e á disposición de calquera colexiado que o solicite, no taboleiro de anuncios da sede colexial.

3. Así mesmo, dentro do primeiro semestre de cada ano, a Xunta de Goberno deberá presentar perante a Asemblea Xeral de colexiados o balance e liquidación orzamentaria do exercicio anterior datado en 31 de decembro, para a súa aprobación ou rexeitamento. Previamente, este balance, acompañado dos xustificantes de ingresos e gastos e dos libros contables, terá quedado á disposición de calquera colexiado que o requira na sede do colexio, para que o poida examinar durante quince días anteriores ao da data de realización da asemblea.

Artigo 43º.-Cotas.

1. Todos os colexiados están obrigados a satisfacer as cotas seguintes:

a) Cota de incorporación. É aquela cota fixada pola Xunta de Goberno do colexio, ratificada pola Asemblea Xeral de colexiados e susceptible de ser modificada por este mesmo órgano. É igual para todos os colexiados e satisfarase ao incorporarse ao colexio.

b) Cota ordinaria. É a cota que aboan durante toda a vida colexial, para o normal sostemento e funcionamento do colexio, todos os colexiados, con ou sen exercicio. Tal cota será fixada pola Xunta de Goberno e ratificada pola Asemblea Xeral de colexiados.

Nela incluíranse as cantidades económicas con que o colexio ten que contribuír ao sostemento económico do Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España e do Consello Galego de Colexios Veterinarios.

c) Cota extraordinaria. Trátase dunha cota fixada pola Asemblea Xeral de colexiados, en situacións particulares, para facer fronte a uns gastos extraordinarios e non previstos nos orzamentos colexiais.

2. A Xunta de Goberno está facultada para conceder o aprazamento de pagamento de cotas e débitos, en supostos extraordinarios e debidamente xustificadas, nas condicións que acorden en cada caso particular.

Artigo 44º.-Obrigas económicas.

Os colexiados estarán obrigados a satisfacer as cantidades que aprobe a Xunta de Goberno polos servizos ou subministracións que preste o colexio. Así mesmo, satisfarán as porcentaxes ou contías fixadas pola Xunta de Goberno, relativas aos dereitos de intervención profesional do colexio.

Artigo 45º.-Non-pagamento de cotas.

1. O/A colexiado/a que non aboe as cotas nos prazos correspondentes recibirá do colexio por escrito reclamación advertíndoo/a da falta de pagamento.

2. De persistir na súa actitude de non-pagamento e acumular insatisfeitos máis de dous períodos consecutivos, será requirido para facelos efectivos, concedéndosele para o efecto o prazo de quince días, transcorrido o cal, se non satisfixer a súa obriga pecuniaría, se lle recargará un 20 por 100 anual a esta.

3. Se o colexiado persistir en non pagar na forma e prazo/s previsto/s no parágrafo anterior, con independencia da recarga e a reclamación xudicial polo colexio das cantidades debidas, quedará suspendido no desfrute de todos os seus dereitos colexiais previstos nestes estatutos mentres non faga efectivo o pagamento das súas obrigas.

A suspensión levantarase automaticamente no momento en que cumpra os seus débitos colexiados.

A suspensión no desfrute dos dereitos colexiais non ten carácter de sanción disciplinaria.

Artigo 46º.-Gastos do colexio.

1. Os gastos do colexio serán os necesarios para o sostemento dos servizos, sen que se poida efectuar ningún pagamento non previsto no orzamento aprobado, agás que a Xunta de Goberno acorde a habilitación dun suplemento de crédito, que precisará a previa aprobación da Asemblea Xeral no caso de que se exceda o orzamento total anual.

2. Sen a autorización expresa do presidente, o vogal da Sección Económica non poderá realizar ningún gasto. Na caixa do colexio existirá a cantidade necesaria para facer fronte aos seus pagamentos, e estes negociaranse, sempre que sexa posible, cunha entidade bancaria.

3. A Xunta de Goberno poderá habilitar suplementos de crédito nos seguintes supostos:

a) Pagamento de tributos estatais, autonómicos ou locais, cando o aumento do gasto derive de disposición legal ou regulamentaria.

b) Pagamento de persoal, cando o aumento do gasto derive de disposición legal ou estatutaria.

c) Cando sexa necesario atender outros gastos non previsibles e de ineludible cumprimento.

TÍTULO VI

DO RÉXIME DISCIPLINARIO

CAPÍTULO I

DA RESPONSABILIDADE PENAL, CIVIL E DISCIPLINARIA

Artigo 47º.-Responsabilidade penal.

Os veterinarios están suxeitos a responsabilidade penal polos delitos e faltas que cometan no exercicio da súa profesión.

Artigo 48º.-Responsabilidade civil.

Os veterinarios, no seu exercicio profesional, están suxeitos a responsabilidade civil cando por dolo, culpa ou negligencia profesional danen os intereses cuxa atención lles fose confiada, responsabilidade que será exixible conforme a lexislación ordinaria perante os tribunais de xustiza.

Artigo 49º.-Responsabilidade disciplinaria.

1. En ningún caso será obstáculo o exercicio da actividade profesional a través dunha sociedade profesional para a efectiva aplicación aos colexiados, sexan socios profesionais ou non, do réxime disciplinario previsto neste título.

2. Os colexiados que infrinxan os seus deberes profesionais ou os regulados por estes estatutos, polos estatutos xerais da Organización Colexial Veterinaria ou polos estatutos do Consello Galego de Colexios Veterinarios e/ou normas deontolóxicas serán sancionados disciplinariamente, con independencia de calquera outra responsabilidade civil, penal ou administrativa en que poidan incurrir.

3. As sociedades profesionais están suxeitas igualmente a responsabilidade disciplinaria e incorrerán nela nos supostos e circunstancias establecidos na lei e nestes estatutos, se cometesen algunha das infraccións previstas no artigo 106 seguinte. A responsabilidade disciplinaria da sociedade profesional entenderase sen prexuízo da responsabilidade disciplinaria que corresponda ao profesional actuante, sexa socio ou non dela.

Artigo 50º.-Potestade disciplinaria.

1. Non se poderán impor sancións disciplinarias senón en virtude de expediente instruído para o efecto, logo de audiencia do interesado, que se deberá tramitar conforme o previsto neste estatuto, complementado con aquelas outras normas do procedemento disciplinario e sancionador vixente nese momento, e recollidas nos estatutos xerais da Organización Colexial Veterinaria Española, nos estatutos do Consello Galego de Colexios Veterinarios e na normativa administrativa vixente. As sancións ao respecto serán as vixentes no momento da comisión dos feitos e consonte a normativa colexial indicada.

2. O exercicio da potestade disciplinaria respecto dos colexiados corresponde á Xunta de Goberno do colexio Oficial de Veterinarios de Lugo.

3. O axuízamento e a potestade disciplinaria, en relación cos membros da Xunta de Goberno do colexio, corresponderá ao Consello Galego de Colexios Veterinarios.

4. Contra as sancións impostas pola Xunta de Goberno caberá a interposición de recurso nos termos previstos nestes estatutos e na normativa complementaria.

5. Os acordos sancionadores serán inmediatamente executivos cando se esgotase a vía corporativa.

Non obstante, no caso de que a dita execución puidese causar prexuízos de imposible ou difícil reparación, o órgano encargado de resolvela e executala poderá acordar de oficio, ou por instancia de parte, a suspensión da execución do acto impugnado, sen prexuízo de levala a efecto unha vez que recaia resolución firme.

6. O Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo dará conta inmediata ao Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España e ao Consello Galego de Colexios Veterinarios de todas as sancións que imponha que comporte a suspensión no exercicio profesional (artigo 107, sancións 4ª a 7ª, ambas inclusive do estatuto xeral) con remisión dun extracto do expediente. O Consello Xeral levará un rexistro de sancións de ámbito estatal no cal se recollerán todas as que imponhan os colexios oficiais, tanto aos colexiados persoas físicas como ás sociedades profesionais. Tales sancións, ademais, anotaranse no expediente persoal do colexiado sancionado ou, se é o caso, na folla aberta á sociedade profesional no Rexistro de Sociedades Profesionais.

Artigo 51º.-*Faltas.*

As faltas cometidas polos Colexiados Veterinarios e polas sociedades profesionais e imputables a uns e outras, que poidan comportar sanción disciplinaria, clasificaranse en leves, graves e moi graves.

1. Son faltas graves susceptibles de ser cometidas polos veterinarios Colexiados e imputadas a eles:

a) O incumprimento dos deberes Colexiais e profesionais determinados no artigo 72 destes estatutos xerais, así como na normativa deontolóxica vixente.

b) A práctica de condutas profesionais con infracción das prohibicións contidas no artigo 73 destes estatutos xerais.

c) A comisión de delitos dolosos, en calquera grao de participación, cuxa execución fose realizada valéndose da súa condición profesional, logo de pronunciamento xudicial firme.

d) O incumprimento reiterado dos acordos emanados da Asemblea Xeral do Colexio, da Xunta de Goberno e do Consello Xeral.

e) A falta de denuncia ás autoridades competentes e ao Colexio ou Consello Xeral das manifestas infraccións cometidas polos Colexiados en relación coas obrigas administrativas ou Colexiais de que teña coñecemento.

f) O encubrimento do intrusismo profesional, ou a colaboración ao exercicio de actividades propias da profesión de veterinario con quen non teña o título correspondente ou non reúna a debida aptitude legal para iso, logo de pronunciamento xudicial firme.

g) A desconsideración cos compañeiros, tanto en relación coa actividade de carácter Colexial coma profesional, no exercicio dos seus cargos.

h) Os actos de desconsideración ofensiva para os membros da Xunta de Goberno ou do Consello Xeral.

i) A competencia desleal e as accións e propagandas contrarias á deontoloxía profesional, de acordo co disposto na Lei de competencia desleal e a Lei xeral de publicidade.

j) O exercicio profesional no ámbito doutro Colexio sen a oportuna comunicación.

k) O incumprimento das normas establecidas sobre documentación Colexial, ou que teña que ser tramitada por conduto do Colexio, a falsificación ou inexactitude grave da citada documentación profesional e a ocultación ou simulación de datos que o Colexio debe coñecer para exercer as súas funcións de control profesional ou para a repartición equitativa das cargas Colexiais.

l) O exercicio profesional en situación de embriaguez ou baixo o influxo de drogas tóxicas.

m) A realización de actividades, constitución de asociacións ou pertenza a estas, cando teñan como fins ou realicen funcións que sexan propias ou exclusivas dos Colexios.

n) A infracción grave do segredo profesional, por culpa ou negligencia, con prexuízo para terceiros.

ñ) Amparar o exercicio da profesión sen a preceptiva Colexiación ou permitir o uso da clínica ou consultorio veterinario a persoas que non estean debidamente Colexiadas.

o) Non respectar os dereitos dos particulares contratantes dos seus servizos ou destinatarios do seu exercicio profesional.

p) O incumprimento das normativas reguladoras de actividades profesionais que se exercen en virtude de convenios ou contratos subscritos entre o Colexio e calquera Administración pública ou en virtude de funcións delegadas ou encomendadas pola Administración ou por calquera disposición legal aos Colexios, aos consellos autonómicos ou ao Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España.

q) A falta de pagamento das multas impostas por infraccións disciplinarias, unha vez que sexan exixibles por ser firmes ou non ter sido suspendidas polos órganos competentes da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

r) O incumprimento das prestacións que se conteñan na normativa deontolóxica e nos regulamentos ordenadores da actividade profesional.

s) A falta de comunicación ao Rexistro Mercantil ou ao Colexio da constitución dunha sociedade profesional ou das modificacións posteriores de socios, administradores ou do contrato social.

t) A falta de adaptación das sociedades constituídas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 2/2007, de sociedades profesionais, ao disposto nela, antes do día 15 de xuño de 2008, sempre que, con posterioridade á dita data, a sociedade exercese a actividade profesional de veterinario.

u) O incumprimento das previsións legais en relación cos requisitos de capital, composición de órganos de administración, e representación das sociedades profesionais, xa sexa mediante acordos públicos, xa sexa mediante acordos privados ou actuacións concertadas entre os socios.

2. Son faltas graves susceptibles de ser cometidas polas sociedades profesionais e imputadas a elas todas as tipificadas no punto 1 deste artigo agás as previstas nas letras c), j), k), l), m) e n).

3. Son leves as infraccións comprendidas nos puntos anteriores que revistan menor entidade por concorrer algunha destas circunstancias: a falta de intencionalidade ou escasa importancia do dano causado.

4. Merecerán a cualificación de moi graves as infraccións reputadas como graves nos puntos 1 e 2 deste artigo, en que concorra algunha destas circunstancias: intencionalidade manifesta, negligencia profesional inescusable, dano ou prexuízo grave ao cliente ou a terceiros, obtención de lucro ilexítimo grazas á actuación ilícita, ter sido sancionado anteriormente, por resolución colexial firme non cancelada, por mor dunha infracción grave.

Artigo 52º.-*Sancións.*

1. Por razón das faltas previstas no artigo anterior poderanse impor as seguintes sancións:

a) Aos veterinarios colexiados:

1ª Amoestación privada.

2ª Apercibimento por oficio.

3ª Amoestación pública, mediante a publicación da resolución sancionadora firme no taboleiro de anuncios do colexio ou nos seus órganos de expresión ou difusión.

4ª Suspensión no exercicio profesional no ámbito do colexio ata un mes.

5ª Suspensión no exercicio profesional no ámbito do colexio entre un mes e un día e un ano.

6ª Suspensión no exercicio profesional no ámbito do colexio entre un ano e un día e dous anos.

7ª Expulsión do colexio, que comporta a inhabilitación para calquera outra colexiación. Tal expulsión terá o límite temporal fixado pola sanción; iso sen prexuízo do regulado no procedemento de rehabilitación da condición de colexiado legalmente establecido.

b) Ás sociedades profesionais:

1ª Amoestación privada dirixida aos seus administradores.

2ª Apercibimento por oficio dirixido aos seus administradores.

3ª Amoestación pública, mediante a publicación da resolución sancionadora firme no taboleiro de anuncios do colexio ou nos seus órganos de expresión ou difusión.

4ª Multa por importe de entre o 0,5 e o 3 por cento da súa cifra neta de negocio no exercicio inmediatamente anterior ao da comisión da infracción.

5ª Baixa temporal do Rexistro de Sociedades Profesionais, por un prazo non inferior a un mes nin superior a dous anos. En todo caso, a baixa comportará a suspensión no exercicio profesional da sociedade polo tempo que dure a baixa.

6ª Exclusión definitiva do Rexistro de Sociedades Profesionais, momento a partir do cal a sociedade non poderá exercer a actividade profesional veterinaria.

2. As sancións 4ª a 7ª do punto 1 a) deste artigo implican a accesoria de suspensión do exercicio do dereito de sufraxio activo e pasivo polo tempo da súa duración.

3. Tanto no caso de sanción de expulsión de veterinarios colexiados coma no de exclusión definitiva de sociedades profesionais dos seus respectivos rexistros, será necesario o voto favorable de, polo menos, as dúas terceiras partes dos membros integrantes da Xunta de Goberno do colexio.

4. As sancións de suspensión de exercicio profesional e expulsión dos veterinarios colexiados e as condutas que poidan afectar a saúde pública serán comunicadas ás autoridades sanitarias e gubernativas.

5. As sancións que se lles impuxesen ás sociedades profesionais consistentes na baixa temporal ou na exclusión definitiva do Rexistro de Sociedades Profesionais serán comunicadas ao Ministerio de Xustiza e ao Rexistro Mercantil en que a sociedade sancionada estivese inscrita.

Artigo 53º.-*Correspondencia entre infraccións e sancións.*

1. Pola comisión por parte dos veterinarios colexiados de infraccións cualificadas como leves poderanse impor as sancións 1ª a 2ª. Ás infraccións graves corresponden as sancións 3ª a 5ª. E só as moi graves serán acreedoras das sancións 6ª a 7ª. Para a determinación da concreta sanción imponible serán tomadas en consideración as circunstancias previstas no propio artigo 106.

2. Pola comisión por parte das sociedades profesionais de infraccións cualificadas como leves poderanse impor as sancións 1ª a 2ª. Ás infraccións graves corresponden as sancións 3ª a 5ª. E só as moi graves serán acreedoras da sanción 6ª. Para a determinación da concreta sanción imponible serán tomadas en consideración igualmente as circunstancias previstas no propio artigo 106.

Artigo 54º.-*Outras faltas.*

1. Son faltas graves:

a) O abandono de funcións ou a falta de dilixencia no cumprimento das súas obrigas como directivos da Organización Colexial.

b) Todo grave incumprimento dos deberes que estes estatutos xerais ou a legalidade vixente lles impoñan aos membros das xuntas de goberno dos colexios oficiais ou aos integrantes do Consello Xeral.

c) A omisión, incumprimento ou atraso grave e inxustificado na execución das ordes ou acordos emanados dos órganos de goberno da Organización Colexial.

d) A ocultación de datos ou elementos de xuízo de interese xeral para a profesión que consten ou que,

pola súa natureza, deben constar en poder dos responsables dos colexios oficiais ou do Consello Xeral.

e) A aplicación indebida e inxustificada de cantidades consignadas nos orzamentos anuais para fins distintos aos previstos nestes.

f) O incumprimento do pagamento das cantidades destinadas ao sostemento do Consello Xeral e do resto das obrigas económicas previstas nestes estatutos ou nas disposicións legais vixentes.

g) As actuacións, en función do seu cargo, que atenten contra a dignidade e o bo nome da profesión ou dos seus órganos de representación.

h) A comisión de delitos con ocasión do exercicio do cargo, logo de pronunciamento xudicial firme.

i) O secretario da Xunta de Goberno do colexio, non comunicar ao Consello Xeral as modificacións habidas no Rexistro de Colexiados e no Rexistro de Sociedades Profesionais do colexio.

2. Son leves as infraccións comprendidas no punto anterior que revistan menor entidade por concorrer algunha destas circunstancias: a falta de intencionalidade ou a escasa importancia do dano causado.

3. Merecerán a cualificación de moi graves as infraccións consideradas como graves en que conorra algunha destas circunstancias: a posta en perigo da subsistencia ou o entorpecemento grave do funcionamento da Organización Colexial ou de calquera dos seus órganos de representación; intencionalidade manifesta; desobediencia reiterada a acordos colexiais ou do Consello; ter sido sancionado anteriormente, por resolución colexial firme non cancelada, por mor dunha infracción grave.

Artigo 55º.-Prescripción de infraccións e sancións. Cancelación. Rehabilitación.

1. As infraccións prescriben:

- a) As leves: aos seis meses.
- b) As graves: ao ano.
- c) As moi graves: aos dous anos.

2. As sancións prescriben:

- a) As leves: aos seis meses.
- b) As graves: ao ano.
- c) As moi graves: aos dous anos.

3. Os prazos de prescripción das infraccións comezaran a contar desde a comisión da infracción. A prescripción interromperase por calquera actuación colexial expresa e manifesta dirixida a investigar a presunta infracción e con coñecemento do interesado.

Os prazos de prescripción das sancións comezan a contar desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola cal se impón a sanción. A

realización de calquera acto colexial expreso e manifesto de execución da sanción interromperá o prazo da súa prescripción.

4. A cancelación supón a anulación do antecedente sancionador para todos os efectos. As sancións pola comisión de faltas leves, graves e moi graves cancelaranse, respectivamente, ao ano, aos dous anos e aos catro anos, contados desde o cumprimento da sanción de que se trate.

5. Nos casos de expulsión, a Xunta de Goberno do colexio poderá, transcorridos polo menos tres anos desde a firmeza da sanción, acordar a rehabilitación do expulsado, para o cal terá que incoar o oportuno expediente por petición del. A Xunta de Goberno, oído o Consello Xeral e, se é o caso, o Consello Galego, decidirá acerca da rehabilitación, en atención ás circunstancias de feito concorrentes no solicitante.

TÍTULO VII

DO RÉXIME DE DISOLUCIÓN DO COLEXIO

Artigo 56º.-Da disolución.

A disolución do Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo será promovida única e exclusivamente polo propio colexio, mediante acordo adoptado nunha asemblea xeral convocada para o efecto, e será necesario o voto favorable da maioría absoluta dos colexiados integrantes do colexio. O acordo remitirase á consellería pertinente ou que corresponda da Xunta de Galicia para a súa aprobación, así como á Organización Colexial Veterinaria autonómica e nacional. A asemblea decidirá sobre o destino do patrimonio colexial e designará unha comisión encargada de liquidalo, conforme a normativa legal ao respecto.

Disposicións adicionais

Primeira.-No non previsto nestes estatutos será de aplicación o previsto nos vixentes estatutos xerais da Organización Colexial Veterinaria Española e nos estatutos do Consello Galego de Colexios Veterinarios, e en materia deontolóxica serán de aplicación aquelas normas que estean vixentes na data de publicación deste ou que nun futuro aprobe a Organización Veterinaria Colexial.

Segunda.-Todas as referencias ao Consello Galego de Colexios Veterinarios se deben entender referidas ao Consello Xeral no caso de que aquel non asumise as competencias que se indican nestes estatutos.

Disposición transitoria

Os procedementos disciplinarios que se iniciasen con anterioridade á entrada en vigor destes estatutos continuaránse tramitando ata a súa resolución de conformidade coa normativa anterior, sen prexuízo de se aplicar as medidas previstas nestes estatutos se fosen máis favorables para o inculpado.